CONCELLO DE ROIS

Samil1, Oín. 15911 Rois (A Coruña)
T 981804109 **F** 981804182
correo@rois.gal
www.rois.gal

DECRETO DE ALCALDIA.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción.

ANTECEDENTES:

No ano 2025 o Concello de Rois asinou o Convenio interadministrativo entre a Conselleria do Medio Rural e a entidade local, Concello de Rois, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2025-2026, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

Este convenio ten por obxecto acordar a participación e colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Rois no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2025, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos.

Esta alcaldía, no uso das atribucións que lle outorga o artigo 21.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

DECRETO:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para a contratación en réxime de persoal laboral de dous condutores/as de motobomba baixo a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Documento asinado electronicamente.

O alcalde	O secretario
Ramón Tojo Lens	Diego Losada Romero

FIRMADO POR Ramón Tojo Lens (FECHA: 11/07/2025 12:08:00) , Diego Losada Romero (FECHA: 11/07/2025 12:12:00)
Decreto Nº: 90/2025 - Fecha de decreto: 11/07/2025
Versión imprimible
CVD: i6tBogissytHeOxVp27o Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.